



Esptar máis tarde ca o sol, andar na bici, xogar na praia, embadurnarse de xeado e sandía, sacar brillo aos parques, disfrutar das amizades, papases, mamases, avós, avoas, ti@s, curmás/ns, pasear ás amizades de 4 patas, millor ás gatunas non que se pasean soas... e un anaquiño diario para voar sen esnafrate, sen parapente, globo nin avión; un anaquiño de relax que podes compartir na cama, na herba, no sofá, na area, na túa árbore favorita. Sen compromisos, sen obrigas, só polo pracer de saborear cada verba, cada ilustración, cada imaxe que as túas neuronas (nunca collen vacacións) dibuxarán na túa cabeza asoleada. Cada día, un anaquiño de LECTURA. Pídetes un libro por aprobar. Para aprobar. Visita a Biblioteca Municipal. Intercambia libros cos/as amig@s. Pídelle a alguén que te lea. Lelle ti a alguén...

No verán,

NON LLE DES VACACIÓNS Á LECTURA



Desexámosvos...



un bo

libro

e

unhas lectoras

Verán 2.012


**DENDE A
BIBLIOTECA**



2º CICLO E.PRIMARIA

**PENSANDO
NESTE VERÁN...**

...que tod@s pensades
disfrutar ...



... o rato gordecho e máis eu saímos buscar o millor alimento fresquiño e saboroso para que as vosas neuronas non só naden na praia:

LECTURA!!!

- **Non hai escapatoria e outros contos maravillosos-T. Bowley-Kalandraka:** 10 historias para rir, namorar, pasar medo, coñecer á avaricia, seres máxicos, mesmo á morte...



- **Un niño no xardín-X. Neira-Xerais:** Un xardín cheo de poesía que arrecende coas flores e voa cos paxaros. Paséate e disfruta nel.



- **O neno can-F. Caslderrey e F. Castro-Galaxia:** Nen@s e cans nestes 5 relatos que refrexan coma se incumpren os dereitos da infancia en calquer lugar do mundo. Unha ollada á esperanza nunha linguaxe sen dramatismos.

- **La sra. Meier y el mirlo-W. Erlbruch-Libros del zorro ro-**



- jo:** Sempre preocupada e insegura, a sra. Meier atopa un merliño e terá que coidalo. Aos poucos, o merlo vai lle ensinar algo de grande importancia. Atreveraste ti tamén?

MAMASES, PAPASES, PROF@S e demáis adult@s:

- **Morgana en Esmelle-B. Caamaño-Galaxia:** Unha ollada diferente sobre o mito do rei Artur e Avalón, a perspectiva de quen sufríu as decisións d@s que xogaban co poder. A visita de Morgana a Merlín e Xenebra desandarán lembranzas que doen e buscan. Nunha fermosa linguaxe.



- **Castelao. O pobre tolo-I. Vilariño-Demo:** No seu desterro en Badaxoz, Castelao achégase a Portugal, onde merca esta obra de Teixeira, que será de relevancia para el. http://www.youtube.com/watch?v=aOa6pJvi7Mg&feature=player_embedded#



- **Alén da fronteira-VVAA-Factoría K:** Percorrido pola poesía vasca da man de sete poetas contemporáneos de Euskadi, nunha coidada edición bilingüe

